

LIBRO

Matar a un ruiseñor

- A súa autora é unha muller que non se prodiga nos medios
- Escrita orixinalmente en inglés
- Foi publicada na segunda metade do século XX
- Gañou un premio moi importante en EEUU
- Trata do tempo da súa nenez, a Gran Depresión
- Ambientada no pobo da autora, en Alabama
- A trama central é unha acusación por violación
- O protagonista defende a un home negro
- Fíxose unha película con Gregory Peck en 1963
- A adaptación cinematográfica gañou 3 Oscar.

SÓ PODES CONTESTAR SI / NON OU NON SEI
RAZOA ANTES DE CONTESTAR

AUTOR/A

Nelle Harper Lee

- Nacida en Alabama, EEUU, en 1926
- Publicou a súa única novela en 1960
- Gañou o Premio Pulitzer
- Vive apartada da vida pública.
- Non concede entrevistas
- A novela está ambientada nos anos 20
- O contexto é o sur racista dos EEUU
- A película estreouse tres anos despois
- A película foi un éxito

SÓ PODEN CONTESTARCHE SI / NON / NON SEI
TES QUE SER IMAXINATIVO COAS PREGUNTAS

LIBRO

Cumbres borrascosas

- A trama desenvólvese ó longo de varias décadas
- Escrita orixinalmente en inglés
- A súa autora vivíu no século XIX
- Cumbres borrascosas é o nome dunha finca
- É a historia dunha saga familiar turbulenta
- Ó principio non foi ben recibida pola crítica
- A irmá da autora, tamén escritora, reeditou a novela trala súa morte en 1848
- Hai dez películas baseadas nesta novela
- Na película de Buñuel os protagonistas son, como na novela, amargos e contradictorios

SÓ PODES CONTESTAR SI / NON OU NON SEI
RAZOA ANTES DE CONTESTAR

AUTOR/A

Emily Brontë

- Nacida en Yorkshire, Inglaterra, en 1818
- Morreu con 30 anos de tuberculosis
- Publicou a súa única novela en 1847
- Dúas das súas irmás tamén foron escritoras
- Empregaban un pseudónimo co apelido Bell
- O título da novela é o nome dunha finca
- Os protagonistas son personaxes extremos
- A novela é complexa e non convenceu á crítica
- Levouse ó cine en dez ocasións

SÓ PODEN CONTESTARCHE SI / NON / NON SEI
TES QUE SER IMAXINATIVO COAS PREGUNTAS

LIBRO

Tiempo de silencio

- O seu autor nace no continente africano
- Ten nacionalidade española
- Morre nun accidente en 1964
- Trala súa morte publican as súas obras inéditas
- O autor era licenciado en medicina
- Na novela fálase de investigación científica
- Está ambientada no Madrid da posguerra
- Recorre a monólogos interiores como forma narrativa
- A película, do director español Vicente Aranda, está protagonizada por Imanol Arias

Só PODES CONTESTAR SI / NON OU NON SEI
RAZOA ANTES DE CONTESTAR

AUTOR/A

Luis Martín-Santos

- De pai militar, nace en 1924 no Marrocos ocupado por España
- Publicou a súa única novela en 1961
- Morre nun accidente de tráfico con 40 anos
- Deixa unha novela inacabada e varios relatos que acabarán publicándose
- Era tamén psiquiatra
- A súa novela trata sobre un científico fracasado
- Ambientada na capital de España nos anos 40
- Os seus personaxes falan consigo mesmos
- Ten unha versión cinematográfica

SÓ PODEN CONTESTARCHE SI / NON / NON SEI
TES QUE SER IMAXINATIVO COAS PREGUNTAS

LIBRO

Doctor Zhivago

- Escrita orixinalmente en ruso
- A primeira edición foi en italiano pola censura
- A historia comeza na Primeira Guerra Mundial
- A trama desenvólvese ata 1920, cando remata a guerra civil en Rusia
- Retrata a xestación da sociedade soviética a traveso da historia do doutor Zhivago
- O autor foi tamén un gran poeta

SÓ PODES CONTESTAR SI / NON OU NON SEI
RAZOA ANTES DE CONTESTAR

AUTOR/A

Boris Pasternak

- Nace e morre en Moscú, 1890-1960
- Só publica unha novela e varios poemarios
- Recibe o Premio Nobel en 1958 pero rexéitao
- A novela publicouse en Italia en 1957
- Non se publica en Rusia ata 1988
- Ofrece unha visión crítica do réxime soviético
- A trama comeza en 1914
- O protagonista é médico

SÓ PODEN CONTESTARCHE SI / NON / NON SEI
TES QUE SER IMAXINATIVO COAS PREGUNTAS

LIBRO

O vixía entre o centeo

- Obra clásica da literatura estadounidense
- O título orixinal é *The Catcher in the Rye*, o *catcher* é quen atrapa as pelotas no *baseball*
- O seu autor viviu case un século
- Trata sobre a adolescencia e a sexualidade
- Tamén sobre prostitución, sexo e alcohol
- A trama transcorre en tan só dous días
- Non hai películas baseadas no libro porque o autor non quixo.
- O protagonista fala en primeira persoa

SÓ PODES CONTESTAR SI / NON OU NON SEI
RAZOA ANTES DE CONTESTAR

AUTOR/A

J.D. Salinger

- Nace en Nova Iorque, 1919. Morre ós 90 anos
- Publicou a súa única novela en 1951
- Foi controvertida pola súa temática e linguaxe
- No título orixinal hai unha figura deportiva
- O seu protagonista é un rapaz de 16 anos
- Conta apenas 48 horas da vida do protagonista
- Protagonista e narrador son a mesma persoa
- O autor negouse a vender os dereitos para cine

SÖ PÖDEN CONTESTARCHE SI / NON / NON SEI
TES QUE SER IMAXINATIVO COAS PREGUNTAS

LIBRO

El dios de las pequeñas cosas

- A súa autora naceu na década dos Beatles
- Ambientada nun país asiático
- O título orixinal é *The god of small things*
- O texto ten partes nun idioma do sul da India
- Trata temas como o comunismo, o sistema de castas e o cristianismo no estado de Kerala
- A historia arranca en 1969 cando os irmáns Rahel y Estha teñen sete anos
- Tivo éxito internacional

SÓ PODES CONTESTAR SI / NON OU NON SEI
RAZOA ANTES DE CONTESTAR

AUTOR/A

Arundhati Ray

- Nacida en Kerala, India, en 1961
- De momento so publicou esta novela, en 1997
- Escrita orixinalmente en inglés
- Inclúe palabras en malayalam
- Os protagonistas son dous irmáns xemelgos
- Está ambientada na zona natal da autora
- O libro foi distribuído a 21 países
- Destaca a importancia das cousas pequenas

SÓ PODEN CONTESTARCHE SI / NON / NON SEI
TES QUE SER IMAXINATIVO COAS PREGUNTAS

LIBRO

Nimbos

- É un libro de poesía
- É considerado un clásico da literatura galega
- Emprega o idioma da vila natal do autor
- Recibiuno do prelo en Madrid, en 1961
- O seu autor era políglota
- Fala da vida na aldea, da natureza, de Deus...
- Un nimbo é o halo de luz que recobre a cabeza dos santos e tamén un tipo de nube.

SÓ PODES CONTESTAR SI / NON OU NON SEI
RAZOA ANTES DE CONTESTAR

AUTOR/A

Xosé María Díaz Castro

- Naceu en Guitiriz, Lugo en 1914
- Morreu en 1990, en Gutiriz
- Adicóuselle o Día das Letras Galegas en 2014
- Era tradutor e coñecía máis de 14 idiomas
- O seu único libro ten 33 poemas
- Publicouno en 1961 cando vivía en Madrid
- Trata sobre o mundo rural galego
- O título pode ter varios significados

SÓ PODEN CONTESTARCHE SI / NON / NON SEI
TES QUE SER IMAXINATIVO COAS PREGUNTAS